

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN “ITÍNERA, VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL” PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS DE FOMENTO E FORMACIÓN DO VOLUNTARIADO NO CAMPO DA ENFERMIDADE MENTAL PARA O FAVORECEMENTO DUNHA SOCIEDADE INCLUSIVA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formaliza coa asociación “ITÍNERA, VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que comezará a contar dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O desenvolvemento dunha serie de actividades no ámbito territorial de actuación da Asociación cos seguintes obxectivos:

- Desenvolver un programa de formación do voluntariado específico para este convenio, que favoreza a socialización dos enfermos a través do acompañamento por voluntarios.
- Desenvolver un programa de incorporación sociolaboral alternativo para pacientes estabilizados que padezan un trastorno mental de duración prolongada e curso crónico, ingresados no Hospital Psiquiátrico de Conxo, co obxecto de incrementar as súas competencias sociais que permitan unha plena integración sociolaboral fóra da dita institución sanitaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Estas persoas soen vivir coa súa familia, precisando os familiares dun apoio multidisciplinar desde o ámbito da atención primaria de saúde. No ámbito da nosa Comunidade, o modelo de atención na saúde mental, da prioridade á atención na comunidade e a integración social do enfermo, debéndose levar a cabo programas de achegamento á poboación xeral, e en especial de non discriminación neste colectivo, así coma o desenvolvemento dun programa de promoción do voluntariado, específico e adaptado ás necesidades e peculiaridades da saúde mental, en colaboración, preferentemente co movemento asociativo de familiares de enfermos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, (en tanto que normativa vixente ao tempo da sinatura) ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

